



BOP

LUNS, 20 DE XANEIRO DE 2025

N.º 015

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía 2025-0001 de data 15/01/2025 resolveuse a apertura de bolsa de traballo temporal de auxiliares do servizo de axuda no fogar do Concello de Folgoso do Courel constituída por Decreto de data 10/05/2023 e convocar o proceso selectivo para a ampliación da referida bolsa, así como tamén a apertura de mesma de cara a actualización de méritos dos e das persoas que xa forman parte dela. O prazo para presentar as solicitudes correspondentes será de **10 días naturais** a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases encóntranse publicadas na sede electrónica do Concello.

Folgoso do Courel, 15 de xaneiro de 2025.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 0120

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN, PROCESO DE PROVISIÓN POLO SISTEMA DE MOBILIDADE DE POSTOS VACANTES NO CORPO DA POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0086 aprobouse a resolución que se atopase exposta para o coñecemento xeral na Web municipal www.monfortedelemos.es (apartado procesos selectivos) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

Monforte de Lemos, 16 de xaneiro de 2024.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0121

AS NOGAIS

Anuncios

Por Resolución de Alcaldía de data 15 de xaneiro de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de outubro de 2024.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 15 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0122